

A Coruña, 13 de marzo de 2023

Estimado director/a,

Desde o servizo de Deportes do Concello da Coruña estamos a traballar na **X Edición do Circuito de Carreiras Populares "Coruña Corre"**, que se desenvolverá durante o ano 2023 coa celebración de 7 carreiras populares en diferentes barrios da cidade e no que a participación para todos/as menores é gratuíta.

Co fin de promover a práctica do deportes e hábitos de vida saudables impulsamos un ano máis a participación dos centros educativos da cidade no circuito de carreiras.

Trátase dunha colaboración basicamente participativa, na que cada atleta sumará un punto para o seu centro con cada participación. Os/as alumnos/as rexistrados/as que participen nesta categoría puntuarán tamén como individuais no club ao que pertenzan, categoría individual e/ou equipo.

Para entrar na clasificación final do circuito cada centro educativo deberá finalizar polo menos 5 probas, aínda que puntuarán as 7 que integran o circuito.

A participación de cada centro educativo en cada carreira terá a ponderación segundo o número total de alumnado do centro, co fin de que todos eles participen en igualdade de oportunidades sen depender do tamaño do centro. O centro que máis participe, será o gañador.

Haberá premios especiais para o centro e o alumnado e é por iso que solicitamos da súa colaboración para fomentar a participación, implicando ao departamento de Educación Física para que promova e incentive a inscrición do alumnado e a formación de equipos mixtos para representar ao seu centro. Achegamos cartel informativo.

Toda a información relativa ao Circuito está dispoñible na páxina web do concello: www.coruna.gal/carreraspopulares.

A primeira proba do circuito será a **XI Carreira Popular Torre de Hércules** o próximo **18 de marzo** e o prazo para inscribirse no Circuito finaliza o **14 de maio**.

Para calquera aclaración, non dubiden en poñerse en contacto co Servizo de Deportes, no teléfono 981189800 ou enviando un correo a carreraspopulares@coruna.gal

Grazas pola súa colaboración e reciba un cordial saúdo

Ines Rey García
Alcaldesa da Coruña

